


PROPOSTA PEDAGÓXICA

O CICLO FESTIVO ANUAL



O ENTROIDO

S e r i e



Dirección **Mariló e Xulio Fernández Senra**

Secretaría **Fco. Xavier Álvarez Campos**

Coordina **Centro de Cultura Popular
"Xaquín Lorenzo Fernández"**

Deseño e Maquetación **Centro de Cultura Popular
"Xaquín Lorenzo Fernández"**

Edita  **DEPUTACIÓN
OURENSE**

Impresión **Imprenta da Deputación de
Ourense**

Dep. Legal

RAIGAME

Apdo. 484

Telf/fax: 988 249493

32080 - Ourense

e-mail: escdanza@depourense.es

www.depourense.es

Todos os dereitos de reprodución, adaptación, tradución ou representación dos textos, ilustracións e fotografías están reservados e só poderán ser exercidos por terceiros previa solicitude e correspondente permiso dos editores ou dos autores.



“O ENTROIDO”

Texto: J. Manuel González Reboredo

ORIXE

Os etnólogos evolucionistas quixeron ver no Entroido unha pervivenza do paganismo, porque crían encontrar nas prácticas campesiñas residuos dunha vella relixión naturalista da fertilidade.

Investigadores galegos da primeira metade do Século XX intentaron explicar algúns aspectos do noso Entroido como reminiscencia de vellos ritos precristiáns (a máscara, por exemplo, presente en moitas sociedades primitivas prehistóricas, é un motivo propicio para establecer estas continuidades milenarias).

Fronte a esta interpretación das raíces do Entroido, os estudosos dos últimos decenios creen que a nosa sociedade tradicional reelaborou as súas crenzas a partir da Idade Media dentro dunha ideoloxía inspirada polo cristianismo. O rico Entroido

medieval amósanos como desde este momento histórico se consolida en Europa unha festa de excesos e inversións que se contrapón a outro período de austeridade e sacrificio coñecido como “Coresma”. Pódense atopar nas vellas celebracións romanas antecedentes evocadores do Entroido, pero as similitudes formais presentes en máscaras, orxías ou subversión momentánea de valores non implican a persistencia de todo un sistema ideolóxico-crenzal pagán en tempos cristiáns. Esta localización das raíces do noso Entroido tradicional acabou triunfando tamén na concepción que do mesmo desenvolveu o noso grande etnógrafo Vicente Risco, quen nos di que “... pódenselle encontrar ó Entroido todos os precedentes prehistóricos, pagáns e “antigos” que se queira, mais o que parece indubidable é que, como tal Entroido, se acuñou na Idade Media baixo influencia cristiá”.



O TEMPO DE ENTROIDO

Desde o punto de vista oficial, hai que ter en conta que as datas do Entroido veñen determinadas pola fixación da Pascua e o período que a antecede, a Coresma.

A pauta máis estendida nos últimos decenios consiste en cingir a celebración aos catro días que van desde o sábado ó martes de Entroido, cunha pequena inflexión o luns. Sen embargo, o ciclo festivo completo é o seguinte:

- 1.-Domingo Fareleiro (nalgũa localidades Domingo Oleiro).
- 2.-Xoves de Comadres (ou de Comadres).
- 3.-Domingo Corredoiro
- 4.-Xoves de Comadres (ou de

Comadres, se foi de Comadres o anterior).

- 5.-Domingo, luns e martes de Entroido.
- 6.-Mércores de Cinsa (soamente nalgúns casos).
- 7.-Domingo de Piñata. (Soamente nalgúns casos urbanos de recente creación).

A cada unha destas datas correspóndenlle actividades propias e moitas veces diferentes segundo a comarca ou localidade. En case todas predominan as bromas, inversión de valores, o bulicio e a alteración aparente da orde. Cando a festa ten un ciclo longo, de dúas semanas e media de duración, podemos dicir que a tensión festiva vai paulatinamente medrando ata acadar o seu clímax nos "días grandes".



Rapaza xogando coa fariña o Domingo Fareleiro.

Galicia e Entroido. 2006.

BROMAS DO ENTROIDO

A aparente anarquía festiva do Entroido ponse de manifesto nas bromas características dese momento. Bromas gastadas preferentemente pola xente nova.

No mundo tradicional as bromas comezan o Domingo Fareleiro, data na que se lle bota á xente farelo ou borralla contida en sacos ou en foles de sulfatar as viñas. Nalgúns lugares úsase como material arreboladizo as formigas que se capturaron previamente no formigueiro; estas introdúcense entre a roupa dos atacados. Esta práctica é máis corrente o Domingo Corredoiro e tamén se pode repetir nos días finais do ciclo. A formiga, ademais das molestias que ocasiona, é un



animal que se caracteriza pola súa labo-
riosidade; en consecuencia recórrase a
ela para combater ritualmente o ocio do
Entroido. Nalgunhas localidades como
Ourense apareceron bromas moi particu-
lares a principios do século XX: as señori-
tas levaban xiringas e cichábanlle auga ós
viandantes que se defendían con parau-
gas. O costume de regar con auga a
xente tamén está presente no
mundo rural: en Cotobade
(Pontevedra) os nenos utilizan
un dispositivo chamado “cicho-
to” para mollar a xente, espe-
cialmente as mozas.

No mundo urbano tradicional
con forte presenza artesanal,
había bromas propias dos que
traballaban con ferro ou
metal: unha broma moi típica
era quentar unha moeda e
guindala á rúa para que
alguén intentara collela co
consequente chasco ó com-
probar a elevada temperatura
e ter que soltala rapidamente.

Había lugares e parroquias que
tiñan as súas bromas particu-
lares como en Láncara, onde os
rapaces manchaban a cara con
graxa, ou en Vilardevós
(Ourense) onde se producían
enfrentamentos entre rapaces
e rapazas nos que os rapaces
tentaban de enzoufar con betume as
caras das mozas. En Vilardevós tamén
era costume que casadas e solteiros e
casados e solteiras organizasen refregas
con caldeiros de auga, ou con cinsa e
fariña. Nesta práctica rómpese a división
cotiá de casados e solteiros, enfrontán-
dose os primeiros coas mozas solteiras e
os segundos coas casadas, algo que
equivale a subverter a clasificación en
grupos de idade e de estado.

Igual que sucedía noutras festas como
S. Xoán e Nadal, roubábanse potes
das lareiras, así como chourizos e
outras viandas. Tamén se ocultaban
apeiros de labranza e se quitaban as
cancelas das leiras como xeito de
abolición circunstancial dos dereitos
de propiedade que é unha forma de
romper coa orde cotiá.



***Bonecos de comadres e compadres
feitos de folla de millo.***

Arquivo Centro de Cultura
Popular Raquín Lorenzo.

Outra práctica que tamén ten un profundo
sentido simbólico é a constatada en
Monfero (A Coruña) que consistía en subir
unha vaca desde a corte ó sobrado da
casa trastornándose a orde normal de uso
do espazo da vivenda: a vaca irrompe no
espazo dedicado a natureza humana.

Estas bromas, prolongábanse frecuente-
mente até os días grandes do Entroido.



ACTIVIDADES PROPIAS DO ENTROIDO

Compadres e Comadres

Os xoves que se intercalan entre os domingos previos ó clímax do Entroido chámanse de “compadres” e de “comadres”. Non coñecemos ningunha regra fixa, nas localidades nas que se celebra, para establecer un antes que outro, incluso pode celebrarse soamente un dos dous. As dúas celebracións presentan unha loita de sexos na que homes e mulleres se enfrontan até o punto de que “compadre” e “comadre” se poden traducir por un xenérico de home e muller. A loita intersexual céntrase en que “compadres” e “comadres” fan respectivamente uns bonecos que representa os sexos. Estes bonecos están feitos normalmente de palla e vestidos con roupas vellas. Os compadres tratan de roubar o boneco das comadres e as comadres tentan roubar o boneco dos compadres. O destino final dos bonecos viña sendo sempre a fogueira. O habitual era que a loita polo boneco e a queima final do mesmo rematara coa conseguente comida e festa.

Xogo das Olas

O xogo das olas ten lugar o coñecido como Domingo Oleiro. Acostuman a xuntarse nas rúas e prazas do pobo, homes e posteriormente tamén mulleres provistos de olas que ían gardando ó longo de todo o ano, cando sufrían algún dano, para este día. Os participantes no xogo colócanse en círculo a unha distancia prudencial e lánzanse a vasilla unhas a outros, tentando lanzarlla sempre a aquel que está máis despistado para que non sexa capaz de collela e se rompa. Cando una ola se rompe é substituída por outra e así até que se acaba con todas as olas. Normalmente os perdedores convidan a viño na taberna.

A corrida do galo

A corrida consiste en perseguir e sacrificar a un ou varios galos. Os protagonistas case sempre son nenos e mozos. Hai dúas variantes para levar a cabo o sacrificio. Na primeira cólgase o galo polas patas dunha corda cuxos extremos están suxeitos a dúas casas ou a dúas árbores (existe unha variante na que o galo é



*Veciños de Xinzo
xogando ás olas o
Domingo Oleiro.*

Galicia, Entroido, 2006.



Corrida de galos.

Galicia, Entroido, 2006.

enterrado até o pescozo). Despois os rapaces ou mozos, un a un cos ollos vendados intentan cortarlle a cabeza o galo cun sable vello. Na segunda variante os mozos van a cabalo e marchando a galope, tentan cortar a cabeza do galo. Nalgunhas localidades mentres os rapaces tentaban decapitar ós galos, recitaban versos satírico-burlescos sobre os sucesos acontecidos na localidade durante todo o ano.

MASCARAS E MASCARADAS

Máscaras

En todas as localidades onde se celebra o Entroido, un elemento característico do mesmo son os homes e mulleres disfrazados. Enténdese por **máscara** tanto a persoa vestida de xeito “anormal” como a careta coa que oculta en moitos casos a

súa identidade. Podemos detectar no noso Entroido disfraces de moita versatilidade e por iso de difícil clasificación. Había formas moi sinxelas de disfrazarse antigamente: poñer a roupa ó revés co forro cara afora, utilizar roupa vella e descolocada ou vestirse con roupa do sexo oposto, sobre todo homes vestidos de mulleres. Tamén era frecuente o uso de roupas que denotasen algún oficio ou profesión, xeralmente en relación coa pantomima deses traballos.

Entre as máscaras propias da Galicia tradicional hai algunhas que podemos cualificar de “finas”, pois visten elegantemente e compórtanse con cortesía como contraposición ás máscaras burlescas vestidas de xeito zalapastrán e con comportamentos grotescos ou mesmo insultantes.

Unhas máscaras moi interesantes do Entroido galego son aquelas que teñen o denominador común de levar un cinto con chocas ou campaiñas que fan soar con intensidade. Entre estas podemos destacar:

-**Volantes**: son característicos das terras de Chantada. Visten camisa e pantalón coas cores da bandeira galega ou española. Levan vendas nas pernas, colocan dous panos grandes de muller por riba da camisa e na cintura un tecido de saco cuberto por unha faixa encarnada ou azul na que se asentán dous cintos con vinte e catro campaiñas cada un. O sombreiro componse dunha estrutura de arame e vimbio revestida de cintas e flores de papel de cores. O conxunto acaba en dúas bonecas de xoguete e dous penachos.

O “Volante” adoita ir acompañado dun ou dous “Maragatos” que son máscaras que visten con roupa vella cuberta de peles. Levan un látego na man co que baten en mulleres e nenos.



PROPOSTA PEDAGÓXICA



“Volante” de Chantada.

Galicia. Antropoloxía. Mércules, 1999.

-*Pantallas*: son características de Xinzo de Limia. Visten calzón curto, camisa branca, polainas negras, faixa encarnada, pano de muller ó pescozo e capa negra ou encarnada con cintas de cores. O máis característico é a careta que se chama pantalla e define ó conxunto. É un anteface con cuberta incorporada que lembra un gorro frixio decorado con motivos astrais. Ó cinto átanse campaiñas que van

soando a medida que a pantalla se move. Nas mans levan dúas vexigas de porco ou de vaca secas e inchadas coas que van batendo na xente.

-*Cigarróns e peliqueiros*: Son propios de Verín e Laza respectivamente. Van vestidos con camisa branca, gravata vermella, chaqueta toureira de seda con reberetes, galóns, alamares e xarreteiras militares nas ombreiras, calzón curto de seda cuberto na parte dianteira de la branca trenzada, cheo de flocos e de borlas. Leva medias brancas e zapatos negros. Na cintura leva una faixa de seda por debaixo dun cinto de coiro, do que pola parte de atrás van penduradas seis chocas de gran tamaño. Leva cuberta a cara cunha careta de madeira tallada e pintada. Na parte superior da careta leva unha especie de mitra feita de folla de lata pintada con motivos varios. Entre os que máis abun-



Pantallas de Xinxo correndo polas rúas da vila.

Galicia. Entroido. 2006.



dan podemos destacar as figuras de animais e figuras xeométricas. Pola parte de atrás desta mitra, cae até a cintura e co rabo cara abaixo, unha pel de carneiro, can, raposo ou gato. Suxeita na man un pequeno mallo feito normalmente de pel, co que golpea á xente.

-*Boteiros*: Son propios de Viana do Bolo e Vilariño de Conso.

-*Felos* de Maceda

-*Troiteiros* de Bande.



Boteiro de Viana do Bolo.

J. Rodríguez Cruz.



Peliqueiros de Laza correndo pola Praza da Picota.

Arquivo Centro de Cultura Popular
Xaquín Lorenzo.

-*Máscaras con disfraz de animal*: Algúns recordos fragmentarios quedan de humanos disfrazados de animais no noso Entroido. Parece ser que en Pedrafita (Chantada-Lugo) eran correntes hai moitos anos homes disfrazados de osos e outras feras. No presente destaca o oso que sae o luns de Entroido en Salcedo, na Proba de Brollón (Lugo). En terras de Carballedo (Lugo) ou en S. Pedro de Moreiras (Ourense) onde saían máscaras que imitaban a un touro ou a un boi.

Neste apartado cumpre destacar a Chamada “Morena” de Laza (Ourense) que sae os luns de Entroido e imita a unha vaca. Os mozos do barrio de Cimadevila



PROPOSTA PEDAGÓXICA



colaboran coa morena para que esta lles poida levantar co corno a saia as mulle- res.

Mascaradas

Até agora describimos as máscaras destacadas de xeito individual. Non obstante, hai que ter en conta que normalmente non saían de xeito illado senón que se englobaban nun conxunto que denominaremos

A Morena na baixada de Cima de Vila-Laza.

Galicia, Entroido, 2006.

Disfraz da montaña ourensá simulando unha fera do monte.

Arquivo Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo.

“mascarada”. Imos a describir tres mascaradas salientables tanto no pasado como no presente

-As mascaradas de Cotobade (Pontevedra).

Segundo A. Fraguas compúñanse dos seguintes elementos:

- a) “Lanceiros”, vestidos elegantemente con traxe militar antigo e mantón de Manila ou capa curta con cintas. Levan a cara cuberta cunha careta de aspecto agradable, van a cabalo e terman unha bandeira. Preceden á comparsa, aquí chamada “moma-da”, anunciando a súa chegada ás aldeas con toques de cornos. O seu número oscila entre un e cinco.





- b) “Madamitos”, bos bailaríns enmascarados con elegancia. Visten traxe negro, levan anteface e enféitanse con algunhas xoias. A súa parella tamén vestida elegantemente recibe o nome de “madamita”.
- b) “Vellos”, disfrazados cunha saba de liño ou colcha e anteface de coello. Cobren a cabeza co típico sombreiro de palla utilizado nas tarefas agrícolas. Levan un cinto con chocas ou campaiñas e na man unha corda coa que baten nos rapaciños que os insultan.
- d) “Maragatos”, con traxe posto ó revés, remendos e retais caprichosos. Ocultan o rostro cun anteface de pel ou cartón. O sombreiro é de forma cónica ou trapezoidal, adornado con cintas de cores.
- e) “Oficios”, imitaban burlescamente distintas profesións como limpabotas, sacamoas, barbeiros, etc.
- f) “Muradás”, rapazas vestidas con traxe tradicional galego. Van dúas na “momada”, unha cunha roca, outra cunha pandeireta. Dedícanse a botar a boaventura a cambio dunha moedas.
- g) “Vellas”, levan un vestido branco e ocultan a cara cun anteface. Tíranlle papeliños ós rapaces e zóscanlles ós que non se someten á súa vontade.

A “Momada” era da parroquia e visitaba as aldeas da zona. En xeral as mascaradas son unha boa expresión da licencias do Entroido e do espírito satírico-burlesco propio do momento. Así, os “vellos” ou os “maragatos” compórtanse de xeito anormal acosando, burlándose ou pegándolle

á xente. Os oficios non labregos son satirizados precisamente no seo dunha sociedade campesiña que está en continua relación con eles. Pero tamén hai que destacar que aparecen no conxunto elementos que poñen o contrapunto da elegancia como os “madamitos” e as “madamitas”, arremedando así ós membros dos estratos superiores da sociedade caracterizados por un “bo gusto” que é exemplar aínda que poida raiar no ridículo.

-Os foliós de Manzaneda (Ourense).

Atopamos foliós en aldeas como Palleirós, Vilar e Barruga do Concello de Manzaneda. Adoitan estar integrados por todos os habitantes da aldea sen diferenza de idade ou sexo. Os máis fortes levan enormes bombos de fabricación caseira, outros “cornas” (instrumento musical de metal) e o resto dos compoñentes utilizan instrumentos metálicos de labranza como sachos, aixadas ou gadañas. Cada folión vai encabezado por un director que dá as ordes necesarias para que o conxunto se desprace e faga a súa correspondente representación. A vestimenta dos compoñentes é variada aínda que ten a característica común de que todos levan roupa vella. Cada folión vai acompañado por varias máscaras que levan un pesado cinto de chocas. O conxunto complétase cun home disfrazado de touro e con varios “peliqueiros” (máscaras vestidas zalapas-tranamente), un deles deforme e xiboso, seguramente símbolo do infrahumano e malvado, que será vencido polas forzas actuantes do resto da mascarada.

Cada folión visita as aldeas dos arredores e tras pedir licenza, o conxunto percorre as casas facendo soar intensamente os seus instrumentos e bailando mentres o director entoar algúns versos alusivos á casa visitada, que invita a bebidas e doces. A xornada



***Folión de Manzaneda
no entroido de Vilarinho.***

Arquivo Entroido de Cultura

Popular Xaquín Lorenzo.



acaba co “reparto do touro” e cunha comida colectiva ofrecida polos habitantes da aldea visitada.

A nota característica destas mascaradas é o intenso ruído producido por bombos, cornas e obxectos metálicos. Se algo queda no noso Entroido de vellos rituais haberá que buscalo en representacións como esta, na que parece que o ruído se utiliza como medio para espantar males ou, quizais, de espantar o xa vello inverno para dar paso a unha primavera máis propicia para a multiplicación de animais, plantas e homes. A festa ten ademais outra dimensión social que non podemos esquecer que é a de reforzar lazos entre comunidades próximas. Pódese considerar tamén festa de boa veciñanza.

*-As mascaradas de Xenerais da Ulla
(A Coruña).*

O Entroido ullán presenta varios matices. Nós ímonos limitar a describir a mascara dunha parroquia que responde ó modelo máis xeral e que contén os elementos básicos presentes en todas. Referímonos á parroquia de San Simón de Ons de Cacheiras no concello de Teo (A Coruña). Neste lugar o conxunto cama-

valesco componse dos seguintes elementos:

- a) “Correos”. Visten camisa con gravata, guerreira e pantalón que lembran os uniformes antigos. Cobren a cabeza cun gorro circular rematado nun entretecido de arame enfeitado con contas de cores. Van en cabalos engalanados. O seu número adoita ser de dous, aínda que ás veces superen esta cifra.
- b) “Xenerales”. A súa vestimenta tamén evoca os uniformes militares decimonónicos. Na cabeza levan un rechamante bicornio rematado en plumas, frecuentemente de pavo real. Montan cabalos ricamente aparelados. O seu número adoita ser de seis, aínda que a cifra pode cambiar segundo os anos.
- c) “Abandeirado”. É o primeiro enmascarado que vai a pé. Adoita vestir un uniforme militar, o máis frecuente é o de mariño. Leva unha bandeira de España.
- d) “Coro de mozos”. Intégranlo arredor de 20 rapaces e rapazas vestidos normalmente co traxe folclórico de



Galicia. Á fronte deles van un “director” e unha “directora”. O primeiro vestido coma os “correos” e a segunda cun traxe e sombreiro que recordan as indumentarias feministas de hai cen anos.

- e) “Músicos”. Nalgunhas parroquias podemos ver bandas de música ó completo. En Cacheiras, a principios dos anos oitenta, o normal era que fosen gaiteiros e un tamborileiro.
- f) “Coro de vellos”. É o máis semellante a un Entroido convencional de toda a mascarada. Visten roupas vellas, que levan de maneira descoicada, ás veces cobren as caras con caretas e, nalgunhas parroquias, imitan oficios como o de limpabotas, médico, sacamoas, gardas, etc.

A mascarada organízase no ámbito parroquial e, en días fixados, percorre toda a

parroquia, actuando en cada lugar e incluso en cada casa. As letras son compostas para a ocasión: máis elegantes as do “coro de mozos” e máis burlescas, satíricas, ou picantes as do “coro de vellos”. Entre aldea e aldea, a mascarada marcha ó ritmo da música. Os “correos” adiántanse para anunciar a súa chegada. Os “xenerais” pola súa parte, cumpren coa misión de dar as ordes pertinentes utilizando frases exclamativas que recordan a xerga militar, e tamén se encargan, en cada lugar de dar o “¡viva!” a veciños, invitados e visitantes, a cambio dun donativo. No “¡viva!” alúdese ó nome do “cabo da casa” e a todos os seus achegados, así como á súa parroquia de orixe e de veciñanza.

A representación das mascaradas da Ulla van encamiñadas a exaltar a unidade parroquial, integrando a todos os veciños mediante os “¡vivas!” nesta unidade de convivencia básica na Galicia rural.



Xenerais do Ulla.

Galicia en Entroido. 2006.



As comidas do Entroido

Si temos un rei nas comidas do Entroido ese é o porco. Especialmente as partes que máis se consumen neste tempo, como a cachola, o rabo, e o lacón, que se comen cocidos e acompañadas de patacas e verdura.

En terras orientais de Lugo e Ourense cómese o botelo e as androllas, que veñen a ser embutidos elaborados co estómago ou tripas gordas do porco que recheas de carne con óso e coiros do animal, adobado todo de maneira similar ós chourizos e curados do mesmo xeito; consúmense cocidos.

Abundantes e variados son os pratos doces nas comidas fortes do Entroido, as filloas (fariña, ovo e leite) e se a matanza do porco se realizou nese tempo tamén se elaboran filloas de sangue; as follas de limón (igual que ás filloas pero con limón); as flores e orellas. En terras de Cotobade temos pratos especiais da data, como a vincha ou bandullo (vexiga de porco curada e rechea de pan, leite, ovos, azucre, manteiga e limón), os petotes (bolos de



Androllas de Viana do Bolo.

Galicia. Antropoloxía. Hércules, 1999.

fariña de millo e centeo, recubertos de azucre) e a bica ou bolo (bola de fariña de millo sen lévedo, ás veces con azucre ou pasas e sempre con manteiga).



Cachuchas salgadas preparadas para cocer.

Galicia. Entroido. 2006.



O enterro do Entroido e o “Enterro da Sardiña”.

O Entroido representado por un boneco que recibe diferentes nomes, “Entroido”, “Entrudio”, “Meco”, “Micaela” ou “Santo Entroido”, entre outros, é enterrado de distintas formas o Martes de Entroido. O máis frecuente é pasealos en procesión, montados nun carro ou noutro medio de transporte e proceder a queimalos como sinal de que chegou a fin da festa. Neste acto, os “sermóns” ou “testamentos” satírico-burlescos, repítense amplamente por todo o territorio galego. A sátira céntrase principalmente nos mozos, nas mulleres e nos vellos. Unha vez máis grupos de

idade e sexo que están supeditados ó varón adulto. Aproveítase esta ocasión para recordar os defectos destes grupos e reforzar o papel predominante do “Varón”.

Nalgunhas localidades, principalmente vilas e cidades, introdúcese ao longo dos séculos XIX e XX o chamado “Enterro da Sardiña” o Mércores de Cinsa. Isto supón a prolongación do espírito burlesco até o comezo da Coresma. Pódese interpretar como unha sátira anticoresmal, xustamente no momento en que tal período comeza, xa que se enterra o peixe, alimento obrigado na Coresma debido as abstinencias propias desas datas.



NOTA: Para máis información consultar:

GONZALEZ REBOREDO; *Festas Cíclicas*. En *GALICIA ANTROPOLOXIA*. Vol. XXVII. Hércules Edicións.

RAQUEL G. AMARELLE; *Galicia en Entroido*. Xunta de Galicia. 2006.

JOSÉ RODRÍGUEZ CRUZ; *Trazos sobre a vestimenta tradicional no surleste de Ourense*. Deputación de Ourense. 2004

VV.AA.; *Máscara Ibérica, VOL. I*. Porto, 2006.



Raigame